



**B**

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO  
ALCALDE DO CONCELLO DE  
PORTO DO SON  
FAI SABER:**

**A**

Que a Consellería de Política Social e Xuventude convoca oferta de estadias en establecementos balnearios dentro do programa de **Benestar en balnearios** para o 2022 (Orde do 26 de setembro do 2022 – DOG núm. 192 do 07.10.2022)

**Servizos:**

- Estancia de 10 días (9 noites), entre o 1 de novembro e o 17 de decembro do 2022.
- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- Tratamentos termais
- Programa de actividades de animación sociocultural.
- Póliza colectiva de seguro turístico.

**N**

A persoa solicitante poderá ir acompañada por:

- O seu ou a súa cónxuxe ou a parella de feito ou persoa coa que teña unha unión estable e de convivencia análoga á conxugal.
- Dun fillo ou dunha filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % e non requira apoio dunha terceira persoa.

**D**

**Requisitos:**

- a) Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista da Seguridade Social.
- b) Estar empadroad/a e residir nalgún concello galego.
- c) Valerse por si mesmo/a para as actividades da vida diaria.
- d) Non padecer alteracións de comportamento que poidan afectar á normal convivencia, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- e) Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

**O**

**Presentación de solicitudes:**

Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> e nos diferentes rexistros da Administración.

Poden obter máis información no departamento municipal de Servizos Sociais (Tfno. 981.86.74.14).

**Prazo de solicitude: Ata o 24 de outubro do 2022**

Porto do Son, 10 de outubro do 2022

O Alcalde

Asdo) José Luis Oujo Pouso

